


# MUSEO DO PRADO



Con máis de 7000 pinturas, o Museo do Prado alberga as mellores obras de arte de España e Europa. Desde Goya ata o Greco, móstroche os cinco cadros que debes coñecer, recoñecer e desfrutar.


### **"As meninas" de Diego Velázquez**

"As meninas" é a obra máis famosa de Velázquez, un dos mellores expoñentes da Idade de Ouro en España. Neste cadro preséntase á familia real cunha perspectiva, un uso da luz e unha atmósfera absolutamente mágicas. Está pintada no Cuarto do Príncipe do Alcázar de Madrid, onde se representa a familia de Felipe IV.



**"O tres de maio de 1808 en Madrid" de Francisco Goya**

O gran maestro do arte español, Goya, ten obras representativas nos tres pisos do Museo del Prado. Na obra máis emblemática para os madrileños, Goya ilustra a batalla entre os patriotas españoles e o exército de Napoleón, co fusilamento na montaña do Príncipe Pío o 3 de maio de 1808.




## **“O cabaleiro da man no peito” do Greco**

Esta é unha das grandes obras do Renacemento en España é un dos cadros máis famosos do Greco.



### **"O xardín das delicias" do Bosco**

Este tríptico amosa tres escenas: o panel esquerdo ao Paraíso Terrenal, o panel do centro ao mundo do pecado e o panel dereito ao Inferno. É unha obra de carácter moralizante, chea de fantasía e cunha composición aparentemente caótica, chea de pequenos detalles que a fan fascinante.




### **"As tres Gracias" de Pedro Pablo Rubens**

Pintor flamenco do período barroco, Rubens enfatiza o movemento, a cor e a sensualidade. Este cadro non é unha excepción: as tres Gracias, fillas de Xúpiter e Eurymore, símbolos da beleza ideal e a sensualidade.



### **"Judith contra os españois" de Rembrandt**


Judith no banquete de Holofernes, é unha da serie de pinturas deste pintor holandés como alegorías personificadas con mulleres heroicas. A dama protagonista é Judith, un símbolo de reivindicación independentista fronte ao invasor español.



**"Autorretrato" de Alberto Durero**


Un dos mellores autorretratos deste pintor cando tiña 26 anos está neste museo. É o que se chama hoxe en día un SELFIE.






**"O soño de Jacob" de Ribera**

Este cadro retrata un famoso episodio da vida de Jacob, amosando un pastor cansado, onde opta pola elegancia do cotiá e fuxe das representacións grandiosas barrocas que se facían na pintura desta época para pintar este fragmento bíblico.



### **"A Anunciación" de Fra Angélico**

Esta obra foi unha das primeiras deste pintor no convento onde se convertirá, Convento de Santo Domingo de Fiésole. Nesta obra vence dous pequenos defectos que o artista non dominaba, a perspectiva e un limitado coñecemento de anatomía.



### **"O cardenal" de Rafael**

Óleo sobre táboa, deste artista tan importante do Renacemento italiano. Crese que é o retrato de Francesco Alidosi. A obra dátase cara a 1510, un ano antes de que Alidosi morrese, pola súa similitude co retrato de Leon X ( National Gallery), e a súa composición triangular deriva claramente dos motivos leonardescos e en particular da Gioconda.

**“A maxa desnuda” de Goya**

1795 - 1800. Óleo sobre lenzo, Segue a tipoloxía tradicional da deusa Venus tendida sobre o leito.

# PROPOSTA DE ACTIVIDADES

Este traballo é para que ti fagas a tua interpretación, empregando a técnica ou materiais que ti decidas, destas grandes obras do Museo do Prado, elixe unha, dúas ... as que ti decidas, investiga sobre elas e... dou unha pista , hai algunha que deu que falar e da que Picasso fixo a súa interpretación, cal é? , tamén atrevete a interpretarlas e investigalas como as restantes.

Cando teñas rematado a túa obra e a túa ficha de investigación, non teis máis que mandala por medios telemáticos

Garda este material para logo rematar a actividade na aula, facendo un pequeno MUSEO do PRADO, onde ti terás que ser o/a guía do museo para os teus compis ou alumnado doutras clases que teñan entrada!!!!

E para iso, a seguinte actividade é deseñar o modelo da entrada/ invitación para entrar no museo da nosa clase.

## RECURSOS A EMPREGAR:

- Google
- Libros sobre o tema
- Visita virtual ao museo (<https://www.youtube.com/watch?v=adbani7mjYU>, [https://www.museodelprado.es/...](https://www.museodelprado.es/))

**PON EN MARCHA A TÚA CABECIÑA PARA CREAR!!!!!!**